A EMPRESA

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios SA, é unha empresa pública autonómica ao servizo técnico da Xunta de Galicia. O seu valor engadido é a súa capacidade para desenvolver de maneira integral e transversal calquera proxecto de xestión sanitaria que requira unha ampla abordaxe dada a súa complexidade.

É unha sociedade de titularidade e capital integramente público, que actúa coma medio propio instrumental ao servizo da administración autonómica e dos seus órganos e entidades de natureza pública, para a execución das actividades que lle sexan encomendadas dentro das materias que constitúen o seu obxecto social.

- **Carácter público**: sociedade de titularidade pública e capital integramente público (100% Sergas).
- **Autonomía de xestión**: flexibilidade e axilidade na prestación da atención sanitaria.
- **Servizo Compartido**: unidades asistenciais integradas nos hospitais do Sergas.
- **O paciente como obxectivo prioritario**: organización da actividade ao redor do proceso asistencial.
- **Calidade e mellora continua**: empresa comprometida coa calidade en sentido integral. Todos os servizos de Galaria dispoñen da certificación de calidade ISO 9001:2015.

A nosa misión

Galaria desenvolve aqueles proxectos que lle son encomendados, segundo a seguinte MISIÓN, que resume a que nos dedicamos:

1. **Colaborar co SERGAS na atención dos pacientes** de Galicia nas especialidades:
   - Oncoloxía Radioterápica
   - Radiofísica
   - Medicina Nuclear
   - Resonancia Magnética
2. **Impulsar e promover**, en colaboración coa **Axencia Galega de Coñecemento en Saúde e o resto de axentes** do sistema, a aplicación da **innovación sanitaria** en procesos, servizos e tecnoloxías nos nosos campos de actividade.
3. **Xestionar os centros e/ou servizos que nos sexan asignados** pola autoridade competente
4. **Desenvolver, fabricar e distribuír fármacos** a diferentes centros sanitarios
5. Prestar servizos de **asesoramento e control de calidade en Protección Radiolóxica**
6. Prestar **servizos de consultoría** na dotación de equipamento sanitario e xestionar outras solicitudes.

Prestamos os nosos servizos satisfacendo as necesidades transversais do Servizo Galego de Saúde, estando presentes en toda Galicia.

PROVEDORES

A través desta ligazón pode acceder aos expedientes de contratación activos

A través desta ligazón pode acceder ao Sistema electrónico de facturación

RECLAMACIÓNS E SUXESTIÓNS

A través do servizo Contacte pode realizar achegas, reclamacións ou suxestións respecto dos servizos prestados por Galaria. Escolla no despregable a área sanitaria onde se atope a unidade asistencial na que recibiu atención ou ben Consellería de Sanidade para outros servizos e unidades de Galaria.

ONDE ATOPARNOS

Localización da sede central e demais instalacións de Galaria



A nosa visión

"Converternos nunha organización sanitaria de referencia para o ecosistema sanitario, na prestación dos servizos reflexados na nosa misión, tanto polo noso modelo e capacidade como pola orientación á innovación de produtos, procesos, e servizos, apoiando ao SERGAS e ás Áreas sanitarias na mellora da súa calidade asistencial e nos seus resultados. Todo iso propiciando e facilitando o maior desenvolvemento profesional dos seus integrantes, nun ambiente laboral respetuoso e non discriminatorio."

Historia >

Compromiso >

Estrutura e organización >

O noso equipo >

Onde atoparnos >